



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://[www.concellocarral.com](http://www.concellocarral.com) Sede Electrónica://[sede.carral.es](http://sede.carral.es) Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

### **ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLADORES/AS SOCIAIS, CORRECCIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO E PRAZO DE ALEGACIONES.**

PROCESO: bolsa traballo social

ACTA nº 4 (corrección segundo exercicio fase oposición)

DATA: 18, 19 e 26 de xuño de 2026

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Dependencias do Concello de Carral

ASISTENTES:

Presidente: D<sup>a</sup> Sonia Campos Ares, funcionaria de carreira do Concello de Carral.

Secretario: D<sup>a</sup> Eva Jardón López, funcionaria de habilitación nacional do Concello de Camariñas.

Vogais:

D<sup>a</sup> Noemí González Mato, interventora do Concello de Carral.

D<sup>a</sup> Natalia Rodríguez Viqueira, traballadora social do Concello de Cerceda.

D<sup>a</sup> Alba Roel Barbeito, traballadora social do Concello de Cerceda.

En Carral (A Coruña), nas datas ao comezo indicados reúnen as persoas arriba relacionadas, ao obxecto de proceder a realización e valoración do segundo exercicio da fase de oposición do proceso referenciado realizada o día 18 de xuño de 2026 no centro social de uso administrativo Toñito Espiñeira.

Asistindo a Presidenta, a Secretaria e os tres vogais, dándose o quórum necesario, procédese a dita corrección de acordo cos criterios de cualificación fixados polo tribunal o día da preparación e realización do exame de acordo coa valoración establecida no punto décimo das bases.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://[www.concellocarral.com](http://www.concellocarral.com) Sede Electrónica://[sede.carral.es](http://sede.carral.es) Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

### “CASO PRÁCTICO

*Dende o CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel do Concello de Carral remítese comunicación aos Servizos Sociais Comunitarios ante a situación detectada en dúas menores de idade, irmás, de 8 e 10 anos, escolarizadas en 2º e 4º curso de Educación Primaria, respectivamente.*

*Segundo a información facilitada polo centro educativo, ambas menores presentan un elevado nivel de absentismo escolar, que se ten incrementado nos últimos meses, así como frecuentes retrasos na súa chegada ao centro. O profesorado manifesta tamén preocupación polo estado xeral das nenas, observándose de forma reiterada falta de hixiene persoal, presenza de pediculose, roupa sucia ou inadecuada para a época do ano, uñas sen hixiene adecuada e forte olor corporal.*

*No ámbito educativo, ambas menores amosan cansazo frecuente, somnolencia durante as clases, apatía, escasa participación e dificultades de concentración. En relación co rendemento académico, a menor de 8 anos presenta dificultades significativas de aprendizaxe e atraso curricular, mentres que a irmá maior mantén un rendemento acorde á súa idade e nivel educativo.*

*O equipo docente informa de que mantivo diversas reunións coa nai das menores durante os dous últimos meses para abordar esta situación, sen que se teñan observado melloras significativas nin na asistencia ao centro nin nos coidados básicos das nenas.*

*Realizada unha primeira entrevista coa proxenitora, recóllense os seguintes datos:*

*A nai, de 37 anos, separouse legalmente hai aproximadamente un ano. Tras a ruptura matrimonial trasladouse xunto coas súas fillas ao domicilio dos seus pais, situado nas aforas do núcleo urbano de Carral.*

*A vivenda é unha casa unifamiliar en propiedade dos avós maternos, que dispón dos servizos básicos e equipamento mobiliario suficiente. Non obstante, durante a visita domiciliaria*



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

*obsérvase certo deterioro nalgunhas estancias, así como falta de orde e limpeza, especialmente nos espazos destinados ao descanso e estudo das menores.*

*A proxenitora manifesta atoparse nunha situación emocional complexa derivada do proceso de separación, referindo síntomas de ansiedade e tristeza persistentes. Non consta seguimento terapéutico continuado nin tratamento especializado na actualidade. Carece de cualificación profesional e a súa experiencia laboral remóntase a máis de dez anos atrás, abandonando o mercado laboral tras o matrimonio e o nacemento da súa primeira filla.*

*En relación coa figura paterna, a nai informa de que o pai das menores reside noutro municipio da comarca e mantén contactos esporádicos coas fillas. Refire tamén incumprimentos frecuentes das obrigas económicas establecidas tras a separación.*

*A unidade familiar convive cos avós maternos. O avó, pensionista, constitúe o principal sustento económico do fogar, percibindo unha pensión mensual de 1.127,60 euros. A avoa materna, de 75 anos, presenta un proceso de deterioro cognitivo compatible cunha demencia en fase moderada, precisando supervisión e apoio nas actividades básicas da vida diaria.*

*A nai carece de ingresos propios e manifesta non ter solicitada ningunha prestación económica. A familia refire dificultades para afrontar determinados gastos ordinarios do fogar e os derivados da atención da avoa.*

*Nas entrevistas mantidas coas menores, estas manifestan que en ocasións permanecen espertas ata altas horas da noite utilizando dispositivos electrónicos e que colaboran habitualmente no coidado da avoa cando a súa nai se atopa cansa, triste ou permanece longos períodos de tempo na súa habitación.*

*Así mesmo, a nai informa de que as menores non realizaron algunhas das revisións pediátricas programadas nos últimos anos e que actualmente non están participando en actividades de lecer ou extraescolares.*

### **PREGUNTAS:**



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**A partir da información exposta:**

1. **Realice unha valoración social e un diagnóstico profesional da situación familiar.**
2. **Identifique e analice os factores de risco e de protección presentes no caso.**
3. **Determine se existe unha posible situación de risco para as menores, fundamentando tecnicamente a súa resposta.**
4. **Elabore unha proposta de intervención social dende os Servizos Sociais Comunitarios.**

**Indique as coordinacións interinstitucionais que considere necesarias.”**

O devandito exercicio foi correxido segundo os criterios do punto 10.1 das bases, como segue:

## **“EXERCICIO PRÁCTICO – FOLLA INDIVIDUAL DE AVALIACIÓN**

**Código/Nome do aspirante:** \_\_\_\_\_

### **A) COÑECEMENTOS TEÓRICOS (0-10 PUNTOS)**

	<b>Puntuación máxima</b>	<b>Puntuación outorgada</b>
Coñecemento do sistema público de servizos sociais	2 puntos	
Coñecemento do sistema de protección á infancia e adolescencia	2 puntos	
Identificación da normativa aplicable	2 puntos	
Coñecemento dos recursos sociais e prestacións	2 puntos	
Uso adecuado da terminoloxía profesional	2 puntos	
<b>TOTAL APARTADO A</b>	<b>10 puntos</b>	

**Observacións:**

---

---



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

### **B) CONCRECIÓN NAS RESPOSTAS (0-10 PUNTOS)**

	<i>Puntuación máxima</i>	<i>Puntuación outorgada</i>
<i>Claridade expositiva</i>	<i>2 puntos</i>	
<i>Estruturação da resposta</i>	<i>2 puntos</i>	
<i>Definición concreta das actuacións</i>	<i>2 puntos</i>	
<i>Formulación de obxectivos</i>	<i>2 puntos</i>	
<i>Identificación específica de recursos e coordinacións</i>	<i>2 puntos</i>	
<b>TOTAL APARTADO B</b>	<b>10 puntos</b>	

Observacións:

---

### **C) ADECUACIÓN DA APLICACIÓN DOS COÑECEMENTOS TEÓRICOS AO CASO PRÁCTICO (0-10 PUNTOS)**

	<i>Puntuación máxima</i>	<i>Puntuación outorgada</i>
<i>Adecuación da valoración á situación descrita</i>	<i>2 puntos</i>	
<i>Axuste dos recursos propostos ás necesidades detectadas</i>	<i>2 puntos</i>	
<i>Coherencia da intervención social</i>	<i>2 puntos</i>	
<i>Priorización adecuada das actuacións</i>	<i>2 puntos</i>	
<i>Adecuación das medidas de protección propostas</i>	<i>2 puntos</i>	
<b>TOTAL APARTADO C</b>	<b>10 puntos</b>	

Observacións:

---



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

### D) CAPACIDADE DE ANÁLISE (0-10 PUNTOS)

	<i>Puntuación máxima</i>	<i>Puntuación outorgada</i>
<i>Identificación das problemáticas sociais</i>	<i>2 puntos</i>	
<i>Identificación dos factores de risco</i>	<i>2 puntos</i>	
<i>Identificación dos factores de protección</i>	<i>2 puntos</i>	
<i>Elaboración dun diagnóstico social coherente</i>	<i>2 puntos</i>	
<i>Capacidade de valoración profesional da situación das menores e da unidade familiar</i>	<i>2 puntos</i>	
<b>TOTAL APARTADO D</b>	<b>10 puntos</b>	

Observacións:

### RESUMO DE PUNTUACIÓNS

<b>APARTADO</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
<i>A) Coñecementos teóricos</i>	<i>_____ /10</i>
<i>B) Concreción nas respostas</i>	<i>_____ /10</i>
<i>C) Aplicación ao caso práctico</i>	<i>_____ /10</i>
<i>D) Capacidade de análise</i>	<i>_____ /10</i>
<b>TOTAL</b>	<b>_____ /40</b>

Realizada a proba, e debido ao volume da mesma, o tribunal réúnese en sesións celebradas en data 18, 19 e 26 de xuño de 2026, ao obxecto de proceder á corrección da devandita proba.

Na sesión celebrada en data 26 de xuño de 2026, o tribunal, unha vez remata a corrección, por unanimidade, dos membros **ACORDAN**



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://[www.concellocarral.com](http://www.concellocarral.com) Sede Electrónica://[sede.carral.es](http://sede.carral.es) Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**PRIMEIRO.- Valorar as probas realizadas polos aspirantes outorgando os seguintes resultados:**

<b>Código</b>	<b>Nota</b>
E52575F9E5	38,5
35A53C621A	35,5
DAF099CC1A	34
8BB87AD692	33
D888383562	32
B772D1652D	32
B281290FBB	31,25
0CCCCEA8D7	31,5
165CCE1462	29,75
F5EE721F9C	20,75
EE09FA032C	21,75
B46462FC4F	22,25
DE4423D27O	20,5
190C4BCEA2	20,75
GACFABCAD5	20,5
ES9A8B837E	17,75
B96203AC8E	13,5
11A928D2FA	15
OA494162BE	7,5
5C79EE04CF	5,75
747026366D	3,5



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://[www.concellocarral.com](http://www.concellocarral.com) Sede Electrónica://[sede.carral.es](http://sede.carral.es) Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**SEGUNDO.-** Emprazarse para o vindeiro xoves 2 de xullo de 2026, ás 09:45 horas, para que no salón de plenos do Concello, nun acto público ao que pode asistir quen desexe se proceda a apertura de sobres coa identificación dos/as candidatos/as para casalos cos exames xa corrixidos.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 14:30 horas do día 26 de xuño de 2026, estendéndose a presente acta para constancia de todo o acordado e asinándose electrónicamente nas datas e horas que figuran á marxe.

A secretaria

A presidenta

As vogais